

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 10/08/2026
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

SONIA OUTÓN CASAL

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 10/08/2026 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

CARLOS COIRA LOJO

PAOLA MARIA MOCHALES

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 03 de agosto de 2026, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA DEL ROSARIO GONZÁLEZ PACIOS

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

RÉXIME INTERIOR

PRP2026/2924

Dáse conta do escrito presentado por Dna. Carmen Dos Anjos Dos Santos, no que solicita autorización para o uso do pabellón de A Torre, o día 14 de agosto de 2026 en horario de 16:00 a 22:00 h., para a celebración dun acto cultural do pobo xitano.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1._Conceder autorización para o uso do pabellon de A Torre o día 14/08/2026 en horario de 16:00 a 22:00 h, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

2._ Denegar a utilización de cadeiras xa que está previsto que sexan utilizadas polo Concello en distintos eventos relaccionados coas festas patronais.

PRP2026/2839

Dáse conta do informe da Policía Local en relación a intervención policial realizada na rúa San Andrés 11, tras ser comisionados pola propietaria dun VAO situado na marxe esquerda da vía á que un vehículo estacionado na marxe dereita da vía de único sentido impídelle a entrada ao seu garaxe, no que se indica:

Que persoados no lugar compróbase que existen dous sinais verticais R-308 situadas á altura do nº11 e nº9 de Rúa Santo Andrés que prohiben o estacionamento no lado dereito, con todo, carece de marca lonxitudinal amarela.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda se realice o repintado da marxe dereita para que reforce a prohibición.

Dar conta ao responsable de sinalización.

PRP2026/2842

Dáse conta do escrito presentado por D. Daniel Ordoñez Soto, no que solicita a instalación de algún elemento físico para evitar a circulación de vehículos de catro ou máis rodas na rúa Congostrá-Carril, debido ao estreitamento da calzada.

Dáse conta do informe da Policía Local no que indican:

Analízase a problemática dunha vía urbana que conta coa sinalización informativa S-15a ("Presinalización de calzada sen saída") no seu acceso. A pesar desta advertencia, conséntase de forma recorrente diversos vehículos intentan transitar pola mesma, quedando bloqueados nun tramo onde a sección transversal da calzada redúcese a menos de 2,00 metros. Esta anchura é tecnicamente incompatible coa circulación da práctica totalidade dos turismos e vehículos de emerxencia estándar, cuxa envergadura (incluíndo retrovisores) adoita igualar ou superar devandita medida. O resultado é a creación sistemática de obstáculos graves que perturban a fluidez e obrigan a manobras de risco ou intervencións externas de rescate.

Considerando que a sinalización vertical informativa xa existe e é axeitada, conclúese que a persistencia dos incidentes obedece a un exceso de confianza por parte dos condutores ou a unha errónea percepción da capacidade real do vial. Por tanto, para garantir a seguridade viaria e evitar danos ao patrimonio público e privado, faise necesario un "filtro físico" previo ao tramo crítico.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda a colocación de elementos fixos de restrición ao amparo do Art. 37.2 da OMC, por ser a medida máis eficaz e proporcional para dar solución definitiva aos bloqueos de vehículos nunha vía cuxas dimensións xeométricas non permiten o uso compartido co tráfico rodado xeral.

Os elementos deberán colocarse deixando unha anchura de paso libre exclusivamente para peóns, ciclos e vehículos de dúas rodas, impedindo materialmente o acceso a calquera vehículo de catro ou máis rodas. Asimesmo os elementos instalados deberán ser de alta visibilidade e dispoñer de bandas retrorreflectantes para ser detectados con certeza durante a noite ou en condicións de baixa visibilidade, evitando que se convertan por si mesmos nun perigo oculto.

Dar conta ao responsable de sinalización.

PRP2026/2843

Dáse conta do escrito presentado por Dña. Carmen Cortés Piñeiro, no que solicita se permita o acceso de camións no tramo sentido único da rúa Sanmartín, motivada pola estreiteza das vías alternativas.

Dáse conta do informe da Policía Local no que se indica:

A rúa Sanmartín dispón dun tramo inicial entre rúa Sobrán e rúa Piorno cunha sección transversal excesivamente reducida, o que motivou a súa ordenación como sentido único de circulación (crecente). Para facilitar o servizo público esencial, existe unha excepción ao sinal R-101 mediante o panel S-860 (AGÁS BUS), permitindo o paso de autobuses escolares en sentido decrecente.

A excepción para autobuses escolares está suxeita ao Artigo 24 da Ordenanza Municipal, que esixe o establecemento de itinerarios, calendarios e horarios prefixados. Isto permite que a súa circulación sexa nunha franxa temporal moi limitada e coñecida, minimizando a probabilidade de conflito nun tramo onde o paso simultáneo ou físico é tecnicamente imposible.

A diferenza do autobús, o tránsito de camións e furgóns é aleatorio e constante ao longo de toda a xornada. Permitir o seu acceso multiplicaría os encontros frontais co tráfico que circula correctamente en sentido crecente. Nunha rúa "excesivamente estreita", estes encontros obrigarían a perigosas manobras de marcha atrás, as cales están limitadas a un máximo de 15 metros e non poden invadir cruces de vías.

Mentres que o autobús escolar é un vehículo específico e identificado, o tráfico de mercadorías é heteroxéneo e difícil de controlar se se abre de xeito discrecional, contravindo a política de restricción de tráfico pesado (>12.000 kg) no casco urbano establecida pola Ordenanza. O acceso de camións en sentido contrario incrementaría o risco de atascamentos insalvables, afectando á fluidez do tráfico e á prestación de servizos de emerxencia.

A Ordenanza de Vilagarcía prohíbe o estacionamento de camiões de máis de 3.500 kg fóra de zonas autorizadas, precisamente para evitar que vehículos voluminosos oculten fachadas ou dificulten o acceso a inmobles. A circulación nestas vías estreitas fomenta paradas irregulares que comprometen a seguridade dos peóns.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda denegar a excepción de acceso de camiões no tramo restrinxido da rúa Sanmartín. A actual excepción para o autobús escolar é viable unicamente por ser un tráfico controlado, puntual e predictivo. A apertura ao tráfico de mercadorías, pola súa natureza imprevisible, convertería este tramo nun punto de conflito permanente e de alto risco para a seguridade viaria.

Co obxecto de disuadir definitivamente o tránsito de vehículos de grandes dimensións pola Rúa Sanmartín, procederase á instalación do sinal R-107 nos posibles accesos, limitando o paso a vehículos de mercadorías segundo o gálibo e as características do vial. Esta medida reforza o criterio de denegación da excepción solicitada, priorizando a seguridade viaria e a protección da escena urbana conforme aos Artigos 11.1 e 45.10 da OMC.

Dar conta ao responsable de sinalización.

PRP2026/2844

Dáse conta do escrito presentado por D. Uxío López Romero, no que solicita a instalación de badéns elevados na vía do Monte de Berdón para a redución de velocidade dos vehículos.

Dáse conta do informe da Policía Local no que indican que realizada a inspección, faise constar que esta rúa está situada nunha zona rural con escaso tráfico, excepto naquelas ocasións en que hai actividades deportivas no campo de fútbol de Berdon, trátase dunha rúa estreita e dobre sentido de circulación polo que é recomendable a súa instalación.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda a instalación de reductores de velocidade, debendo estudarse as súas localizacións e ser incluídas no Plan de Instalación de Lombos Redutores 2026.

Dar conta ao responsable de sinalización.

PRP2026/2845

Dáse conta do escrito presentado por D. José Antonio Alonso Pérez, en representación de IMPEX EUROPA SL, no que solicita autorización para circular o camión matrícula 9636LPF, polo centro urbano de Vilagarcía de Arousa.

Dáse conta do informe da Policía Local no que indican que postos en contacto telefónico coa empresa Impex Europa, solicitante de autorización para circulación do camión 9636LPF polo centro urbano de Vilagarcía, éstos manifestan o seu interese en anular a citada petición.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2848

Dáse conta do escrito presentado por D. Mario Trigo Hombre, en representación da ASOCIACION AUTISMO BATA, no que solicita a creación de dúas prazas de estacionamento de mobilidade reducida na rúa Xiabre-Guillán.

Dáse conta do informe da Policía Local no que indican, que tras realizadas as xestións oportunas, infórmase que na actualidade non existe ningunha praza de estacionamento de mobilidade reducida nas proximidades do centro, polo que se recomenda a sinalización de dúas prazas fronte ao nº 14 da citada vía.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a sinalización de dúas prazas de estacionamento de mobilidade reducida na rúa Rúa Xiabre de Guillán, fronte ao número 14, coa lenda “de 8.00 a 20.00 horas “, xa que, ao tratarse dun centro de día, é o horario en que se vai a utilizar a zona reservada.

Faise constar que as prazas reservadas para persoas con discapacidade son de uso xeral e pode facer uso calquera persoa que posúa a autorización correspondente, nunca se conceden con uso exclusivo de persoas determinadas.

Dar conta ao responsable de sinalización.

PRP2026/2853

Dáse conta do escrito presentado por D. Alberto Cousido Bravo, no que solicita se instale sinalización por obras na rúa Rodrigo de Mendoza.

Dáse conta do informe da Policía Local no que indican que as obras xa finalizaron, polo que a circulación pola citada rúa non ten restrición algunha.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado xa que a sinalización por obras non ten sentido actualmente.

PRP2026/2855

Dáse conta do escrito presentado por GESTION INMOBILIARIA TUCASA SL, en representación da Comunidade Porto Rey - Ramón Martínez, no que solicitan a instalación dun espello na farola situada fronte á porta do seu garaxe para mellorar a visibilidade ao saír do mesmo.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que o espello solicitado sería para un uso particular, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle a GESTION INMOBILIARIA TUCASA SL, que deberían colocar o espello na súa propiedade e ao seu cargo, sen invadir espazo público, orientándoo de xeito que mellore a visibilidade á hora de acceder ou saír da súa propiedade.

PRP2026/2856

Dáse conta do escrito presentado por D. M. Jesús Balo Rodríguez, no que solicita a instalación de badéns na rúa Duque de Terranova para a redución de velocidade dos vehículos.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle ao solicitante que a instalación de reductores de velocidade na rúa Duque de Terranova será incluída no Plan de Instalación de Lombos Redutores 2026.

PRP2026/2857

Dáse conta do escrito presentado por D. José Manuel García Rey, en representación da ASOCIACIÓN CULTURAL PEÑA MOTERA OS KEIMAOS G94107729, no que solicita informe favorable para o paso do IX Xuntanza moteira OS KEIMADOS o 19 de Setembro, por distintas rúas ou lugares do termo municipal de Vilagarcía de Arousa.

Dáse conta do informe da Policía Local, que tras realizadas as xestións oportunas, indican que revisados os mapas que se achegan á solicitude, por parte da Policía Local non hai impedimento ao paso dos vehículos, sempre e cando vehículos e condutores contén con toda a súa documentación en regra e respecten as normas e sinais que regulan o tráfico de vehículos. Tamén apuntar que parte dos percorridos que transcorren polo termino municipal (PO 548 e PO 301) son demarcación da Garda Civil de Tráfico.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda accede ao solicitado.

PRP2026/2858

Dáse conta do escrito presentado por D. Jorge Miguez Paz, no que solicita a instalación de estacionamento para bicicletas na rúa Alexandre Boveda nº24.

Dáse conta do informe da Policía Local no que indican que, tras realizada a inspección, obsérvase que nas proximidades hai un comercio de venda e reparación de bicicletas e o lugar indicado na solicitude é unha pequena plazoleta onde si que se podería situar un estacionamento para bicicletas.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle ao solicitante que se solicitará un informe ao departamento de Arbitrios por se a súa colocación molestaría para o desenvolvemento do mercadillo que se celebra no lugar todos os martes e sábados do ano.

PRP2026/2859

Dáse conta do escrito presentado por Dña. María Victoria Llorente García, no que solicita a instalación de reductores de velocidade na Avda. de Pontevedra entre os nº 8 e 44.

Visto o informe da Policía Local a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle á solicitante que a Avda. de Pontevedra é parte da N640A, de titularidade estatal, polo cal o Concello procederá a remitir o escrito a "Carreteras del Estado".

PRP2026/2860

Dáse conta do escrito presentado por Dna. Pilar Lorenzo Regades, en representación da C.P. SAN ROQUE 13", no que solicita o pintado de línea amarela ou instalación de bolardos fronte ó acceso ao sótano de garaxes.

Dáse conta do informe da Policía Local no que indican que no canto de colocar bolardos para evitar o estacionamento tería máis lóxica instalar sinais de prohibido estacionar.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda:

Invertir a sinalización no lugar do seguinte xeito: Un sinal R-101 de entrada prohibida na esquina da ruela con Avda. Juan Carlos I e un sinal R-101 de entrada prohibida coa lenda "excepto garaxe" na esquina con Xardíns Doutor Fleming. Tamén habería que instalar un sinal vertical R-307 de parada e estacionamento prohibido.

Dar conta ao responsable de sinalización.

PRP2026/2861

Dáse conta do escrito presentado por D. Esteban Paz, no que expresa as molestias ocasionadas pola actividade realizada na rúa Rosaleda 1, pola empresa de transportes TORRO.

Dáse conta do informe da Policía Local, no que tras realizada a inspección, sinalan:

- As naves coas referencias catastrais 7954086NH1175S0001FG e 79540C0NH1175S0001DG constan como chan industrial.
- A entrada de camións de máis de 3500kg non estaría prohibida ao acceder vehículos con esas características ás naves.
- Realizada a inspección a día 11/07/2026, na zona atópanse catro camións correctamente estacionados.
- Os catro vehículos estacionados cos seus respectivos remolques son de carga non dispoñendo de equipos de frío autónomo.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local acorda, comunicar ao solicitante que en caso de molestias orixinadas por carga e descarga en horario temperán, deberían solicitar en datas determinadas unha medición sonométrica desde o interior das súas vivendas axustándose os niveis de decibeis á normativa autonómica. Ditas medicións realizaríanse coas fiestras e portas pechadas como indica a lexislación aplicable.

Por outra banda comunicar que se realizará vixilancia por parte do corpo policial sobre o estacionamento indebido de tractocamións e semirremolques na zona, en días laborables.

PRP2026/2862

Dáse conta do escrito presentado por Dna. Ivanova Angelova Sasha, no que solicita a instalación de bolardos ou pivotes diante da súa vivenda sita na Avda. Nosa Señora dos Anxos 62.

Dáse conta do informe da Policía Local no que indican que realizada a inspección apréciase que a beirarrúa é moi estreita, duns 40 centímetros fronte á entrada do domicilio particular, polo que se recomenda a instalación de un pivote ou bolardo.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda a instalación dun pivote ou bolardo de PVC diante da vivenda sita na Avda. Nosa Señora dos Anxos 62, onde comeza a reixa metálica, ancorado sobre o borde minimiza que as rodas dos vehículos invadan a beirarrúa e provoquen danos na mesma.

Dar conta ao responsable de sinalización.

PRP2026/2863

Dáse conta do escrito presentado por D. Juan Bazarra Batlle, no que solicita se adopten medidas de vixilancia ou se instalen na beirarrúa elementos que impidan o aparacamiento de vehículos na acera, recentemente construída, na rúa Vilaboa 4.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicar ao solicitante que no punto que indica, incrementase a presenza policial e acódese periódica e regularmente pola zona, denunciando diversos vehículos incorrectamente estacionados.

PRP2026/2895

Dáse conta do escrito presentado por D. César García Balboa, no que solicita o cambio de sentido da rúa Torre de Guillán.

Dáse conta do informe da Policía Local no que indican que realizada a inspección, non se considera necesario o cambio de sentido da citada rúa, xa que consideran que lonxe de mellorar a seguridade para a vivenda número 67, podería prexudicala, ao preverse que puidesen circular os vehículos máis pegados á entrada da leira. Así mesmo, actualmente, os vehículos deben diminuír a velocidade para acceder á rúa Torre de Guillán, para realizar un xiro pronunciado, xusto á altura do número 67. De cambiarse o sentido á vía, os vehículos poderían chegar á altura da citada vivenda a unha maior velocidade que a actual, incrementándose o risco dun hipotético accidente.

Polo exposto , a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao cambio de sentido da rúa Torre de Guillán.

PRP2026/2909

Dáse conta da proposta da Concelleira de Seguridade, en relación coa necesidade de subministro de uniformidade para os conductores do guindastre municipal co fin de garantir a seguridade e adecuadas condición laborais dos mesmos.

Dende hai varios anos non se efectuou reposición da uniformidade de traballo, propónse a adquisición de pezas de alta visibilidade e calzado de seguridade conforme á normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais. Permitirá mellorar a protección e visibilidade dos traballadores durante o desempeño das súas función na vía pública, especialmente en situación de climatoloxía adversa e condición de baixa visibilidade, resultando imprescindible para o correcto desenvolvemento do servizo.

Coa finalidade de dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (LCSP), compre sinalar que na realización deste contrato menor non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1 do citado artigo.

Tendo en conta o anterior a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de subministros consistente na adquisición diverso tipo de uniformidade para os conductores do guindastre municipal, por importe de 609,36 € (IVE engadido), sendo o desglose orzamentario de dito importe o seguinte: 31,50 € con cargo ao RC 220267582; e os 577,86 € restantes con cargo á partida orzamentaria 132.22104 do orzamento vixente.

2.- Adxudicar o contrato menor de subministros a SOBRINO G., S.A. (A36030138) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2910

Dáse conta da proposta da Concelleira de Seguridade, en relación coa necesidade de adquisición de uniformidade, vestiario técnico, calzado, complementos e equipamento operativo destinado ao persoal da Policía Local de Vilagarcía de Arousa.

A uniformidade da Policía Local constitúe un elemento esencial tanto desde o punto de vista operativo como institucional, sendo necesaria a súa reposición periódica debido ao desgaste por uso, condicións do servizo e actualización da imaxe corporativa. Así mesmo, o equipamento técnico e de protección individual resulta imprescindible para garantir a seguridade dos axentes no desempeño das súas funcións.

A subministración inclúe pezas de uniformidade reglamentaria, roupa técnica de intervención, equipamento complementario, así como material auxiliar necesario para o desempeño das

funcións policiais.

Coa finalidade de dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (LCSP), compre sinalar que na realización deste contrato menor non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1 do citado artigo.

Tendo en conta o anterior a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de subministros consistente na adquisición de roupa de uniformidade 2026 para a Policía Local, por importe de 17.968,50 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 132.22104.

2.- Adxudicar o contrato menor de subministros a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (B36112043) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2933

Dáse conta do escrito presentado por D. Isidoro Canabal Durán, en representación de Basket Base Club G36053536, no que solicita autorización para o uso da Praza de Galicia, para o desenvolvemento da “Campaña de Abonos” para a tempada 2026/2027, o día 08 de agosto de 2026, en horario de 11:00 a 13:00 horas. Así como, a cesión do material que a continuación se relaciona:

- Cesión de 1 carpa, 1 mesa, e 6 cadeiras.

Dáse conta do informe do Sr. director Deportivo e da Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a Basket Base Club, o uso da Praza de Galicia para o desenvolvemento da “Campaña de Abonos” para a tempada 2026/2027, o día 08 de agosto de 2026, en horario de 11:00 a 13:00 horas, de conformidade coa Resolución do Presidente da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais, así como a cesión do material solicitado.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2026/2901

O 3 de agosto de 2026, ao abeiro da orde do 22 de xullo de 2026, publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG nº 144), a convocatoria de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para a cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. O prazo de presentación de solicitude remata o día 3 de setembro de 2026.

Desde o departamento de Prevención Comunitaria dos Servizos Sociais, deseñamos un proxecto de actuación promovido por unha agrupación de concellos (Cambados, Meis, Ribadumia e Vilagarcía de Arousa) que será realizado durante o período subvencionable do 1 de outubro de 2025 ata o 30 de xuño de 2028.

A contía total do proxecto é de 173.822,21 euros, sendo a contía de co financiamento aportada pola agrupación de concellos de 80.397 euros (correspondente a tres anualidades), e solicitándose á Consellería de Sanidade unha contía de 93.425,21 euros.

Visto o que antecede a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a presentación deste proxecto na convocatoria de axudas económicas.

PRP2026/2930

Dáse conta da proposta da Concelleira de Igualdade e Servizos Sociais, para a contratación dunha póliza de seguro colectivo de accidentes para a actividade do proxecto de inclusión con persoas de étnia xitana "Camiños cara a inclusión: ocio saudable e participación comunitaria. Compartindo experiencias" que terá lugar o 14 de agosto de 2026.

A tenor do Proxecto de Inclusión de Etnia Xitana que se leva desenvolvendo no Concello de Vilagarcía na área de mediación social e intercultural, a labor no proxecto parte da necesidade de dar continuidade as actuacións preventivas e sensibilizadoras de cara a mellorar as relacións cos demais de maneira solidaria e democrática, poñendo énfase no valor da diversidade cultural e a redución de barreiras, estereotipos e desigualdades, establecemos medidas a prol do apoio e desenvolvemento dos dereitos fundamentais das persoas xitanas no acceso a recursos e servizos dos distintos sistemas (educativo, sanitario, emprego, vivenda, servizos, ocio), fomentando o seu coñecemento e uso axeitado.

Coa finalidade de dar cumprimento ás esixencias previstas no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, (LCSP), compre sinalar que na realización deste contrato menor non se está alterando o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos limiares descritos no apartado 1 do citado artigo.

A duración do contrato será a correspondente ao período de cobertura da póliza, vinculado á realización da actividade, o día 14/08/2026.

Por todo o anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de servizos consistente na contratación dunha póliza de seguro colectivo de accidentes para as persoas participantes na actividade do proxecto de inclusión con persoas de etnia xitana "Camiños cara a inclusión: ocio saudable e participación comunitaria. Compartindo experiencias" (14/08/2026), por importe de 67,50€, con cargo á partida orzamentaria 231-224, dentro do proxecto de gasto do Plan Concertado 2026/3/CRRTE/1, do orzamento vixente.

2.- Adxudicar o contrato menor de servizos a SURNE, seguros y pensiones (V48083521) de conformidade co orzamento incorporado ao expediente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2026/2913

A Biblioteca Municipal, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, recibiu unha subvención para a adquisición de libros e materiais destinados á mellora do fondo bibliográfico.

Programa B. Axudas para a mellora das coleccións bibliográficas.

Co importe desta subvención a Biblioteca Municipal busca facilitar ós usuarios o acceso a unha colección bibliográfica máis ampla, actualizada e variada. O material que se incorpore ó fondo da Biblioteca estará composto maioritariamente por libros, mais poderán ser obxecto de adquisición outro tipo de soportes ou formatos.

A cantidade concedida a través da subvención é de 3.307,31€.

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar e dispoñer o gasto correspondente ao contrato menor de subministro consistente na adquisición de material bibliográfico para Biblioteca Municipal, en relación á subvención concedida, por importe de 3.305,93 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 332122001 do orzamento vixente, dentro do proxecto de gasto 2026/3/CRRTE/7.

2.- Adxudicar o contrato menor de subministro a ESPACIO DO LECTOR, S.L. (B36164820) de conformidade co orzamento incorporado ó expediente.

PRP2026/2914

A Biblioteca Municipal, a través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, recibiu unha subvención para a adquisición de novidades editoriais en galego.

Programa A. Axudas para dotación de novidade editoriais en galego.

Co importe desta subvención a Biblioteca Municipal busca facilitar ós usuarios o acceso ás publicacións en galego máis recentes que o mercado editorial ofrece.

A cantidade concedida a través da subvención é de 1.626,71 euros

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Autorizar o gasto correspondente ao subministro consistente na adquisición de novidades editoriais en galego, en relación á subvención concedida, por importe máximo de 1.626,71 € (IVE engadido), con cargo á partida orzamentaria 3321-22001 do orzamento vixente, dentro do proxecto de gasto 2026/3/CRRTE/7.

2.- Autorizar a selección, compra e envío dos libros a través da plataforma dixital posta a disposición pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2026/2904

O Concello de Vilagarcía de Arousa vén desenvolvendo o programa Vilagarcía, Cidade de Libro, consolidado como unha iniciativa de referencia na promoción da lectura, caracterizada polo seu carácter integrador, innovador e transversal.

No marco da súa VI edición, propónse a posta en marcha do proxecto “A gruta dos libros esquecidos”, unha actividade de dinamización lectora que combina literatura, xogo, exploración do territorio e ferramentas dixitais, co obxectivo de fomentar o hábito lector a través dunha experiencia participativa e inmersiva dirixida a públicos diversos.

DESENVOLVEMENTO

Datas: do 1 de xuño ao 30 de novembro.

Inicio do programa cunha solta de libros en centros de saúde, fábricas, transportes públicos, rúas, parques e outros espazos do municipio.

Activación do itinerario interactivo mediante códigos QR e acceso á aplicación dixital e as probas do concurso.

Desenvolvemento continuado da experiencia, favorecendo a participación libre, interxeracional e inclusiva.

CONCURSO

Establécense dous niveis de participación:

Premios principais: outórganse un total de cinco premios consistentes nunha viaxe desde Vilagarcía á illa de Cortegada con ruta guiada, en colaboración co Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia.

Participación comunitaria: o resto das persoas participantes formarán parte dun recoñecemento colectivo de carácter simbólico, consistente na contribución á creación dun espazo de lectura mediante a doazón voluntaria de libros, promovendo así a reutilización e o acceso compartido á cultura.

DESENVOLVEMENTO CREATIVO

Creación, historia e textos: Concellería de Xuventude (Xestora Sociocultural)

Deseño e desenvolvemento da app.: Departamento de Informática (Fernando Quintela) Deseño e das ilustracións e identidade gráfica: Paula Mayor, gañadora do Premio Castelao 2024.

ORZAMENTO

- Honorarios de ilustración: 2040 €
- Dominio e desenvolvemento da app: 200 € (estimativo)
- Imprevistos e apoio técnico: 300 € (estimativo)

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, acorda:

1.-Aprobar o proxecto “A gruta dos libros esquecidos” como actividade integrante da VI edición de Vilagarcía, Cidade de Libro.

2.-Aprobar o gasto estimado de 2.540,00€, para a súa execución con cargo á partida 2314.22610.

3.-Aprobar a adxudicación do contrato menor de servizos a Paula Mayor 32832565L, para o desenvolvemento das ilustracións e identidade gráfica do proxecto, por importe de 2.040 €

4.-Aprobación das bases do concurso.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

TURISMO

PRP2026/2934

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento presentado por Minicruceros Proba SL, para a contratación dun barco para realizar o remonte do Río Ulla para conmemorar a traslatio, o día 20 de xullo de 2026, por un importe total de 3.080,00€ (IVE incluído) para un barco de 119 prazas, con cargo á partida 432.22610.

Reserváronse 9 prazas para protocolo. A Concellería de Maiores dispuxo de 30 prazas. Outras 80 foron postas a disposición do público en xeral, a través da plataforma ticket.vilagarcia.gal.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2026/2905

A Resolución do 9 de decembro de 2025 (DOG nº 27 do 10 de febreiro de 2026) pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións, en réxime de concorrancia non competitiva, para o programa Cultura no Camiño, para ao fomento das artes escénicas e musicais nos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia polos que discorren os diferentes camiños de Santiago, regulan o procedemento de solicitude, concesión e xustificación para a promoción da actividade artística.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local de concesión da subvención en réxime de concorrancia non competitiva polo importe solicitado de 3.500,00€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a aportación municipal, por importe de 6.093.00€, con cargo á partida 334.22609 para o desenvolvemento do Programa Cultura no Camiño 2026, coa seguinte desagregación:

	DATA	GRUPO	Tipoloxía	IMPORTE
1	15/08/2026	FESTICULTORES	Música	4.840,00 €
2	15/08/2026	NELSON QUINTEIRO	Teatro na rúa	2.783,00 €
3	16/08/2026	ABRIL fado atlántico	Música	1.970,00 €
		TOTAL CACHÉS		9.593,00 €
		SUBVENCIÓN AGADIC		3.500,00 €
		CONCELLO		6.093,00 €

PRP2026/2915

Dáse conta da solicitude de Dna. Lidia Abalo Cespón en representación de ASOCIACIÓN CULTURAL VIRXE DO CARMEN LOENZO DE ABAIXO (C.I.F.: G94191038), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración polo Concello da seguinte actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da festa na honra da Virxe do Carme en Loenzo - Rubiáns, o día 9 de agosto de 2026.

NOME	CIF	DIA ACTUACIÓN	IMPORTE	PARTIDA
GRUPO DE GAITAS DO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO STA. PLÁCIDA	G36114502	09-08-2026	391,00€	334-22609

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2026/2916

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto, por importe de 3.670,16 € para seguro de responsabilidade civil por festexos "Festas de San Roque 2026", do 31 de xullo ao 01 de setembro de 2026, a favor de MGS, Seguros y Reaseguros SA A-08171373 (Willis Eberia Correduría de Seguros SA), con cargo á partida 338.224, conforme a póliza 61137952

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2927

Vista a solicitude de Dña. M^a Jesús Zarate Velarde, en representación de Monasterio San Cristobal Agustinas Recoletas (NIF: R36000362B), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello da seguinte actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da festa de San Agustín, patrón da congregación Monasterio San Cristobal, Agustinas Recoletas o vindeiro día 28 de agosto de 2026.

NOME	CIF	DIA ACTUACIÓN	IMPORTE	PARTIDA
ASOCIACIÓN CORAL ROSALÍA DE CASTRO	G36457745	28-08-2026	335,00€	334-22609

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2026/2928

Vista a solicitude da ASOCIACIÓN CULTURAL SAN ROQUE DE BAMIO (G36318079), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello da seguinte actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración das festas de San Roque en Bamio os vindeiros días 28, 29 e 30 de agosto de 2026.

NOME FISCAL	CIF	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
ASOCIACIÓN DE MÚSICA TRADICIONAL A QUEIMADA	G44833382	29-08-2026	350,00€	334-22609

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2026/2929

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto e adxudicar o contrato menor para a realización da actividade denominada "Noite Meiga 2026", o día 29 de agosto de 2026, por importe de 1.032,60€, con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

NOME FISCAL	C.I.F.	CONCEPTO	IMPORTE
CONFITERÍA ANCLA S.L.	B36104180	Subministro Rosquillas	732,60€
COMPRA DE MAATERIAL PARA PREPARACIÓN QUEIMADA e PALLOZAS (limóns, laranxas servilletas, ...)			300,00€* (estimativo)
		TOTAL GASTO (ESTIMATIVO)	1.032,60€

Lémbrese ao proveedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2026/2960

Cada ano, a Concellería de Cultura, ofrece ós cidadáns un período festivo que contribúe a convivencia, benestar e disfrute de tódolos veciños/as do municipio, así como de todos os visitantes que neste mes de agosto se acerca a disfrutar das nosas festas, gastronomía, patrimonio... o que deixa importantes beneficios no sector do comercio e da hostalaría en xeral, polo que as distintas actividades programadas son unha oportunidade para dinamizar a economía social.

Para a celebración da programación das actividades do mes de agosto, nas que se encontran as festas patronais (declaradas de Interese Turístico Nacional), coa finalidade de protexer e dinamizar a nosa economía productiva local, como xa é tradición, realízanse distintos actos de carácter lúdico, festivo cultural, (concerto, verbernas, pasarrúas, actividades infantís, actividades deportivas...). Estas actividades levanse a cabo en distintos espazos públicos como lugares de conexión colectiva e aberta a a participación do cidadán, para coñecer e impulsar a nosa cultura, costumes e tradicións.

As actividades programadas levaranse a cabo durante o mes de agosto, centrándose principalmente entre os días 14 e 23 de agosto, días principais das Festas de San Roque 2026.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a celebración das Festas de San Roque 2026, cun importe total de 161.664,40€, con cargo ás partidas presupuestarias correspondentes, proxecto 2026-3-SUBV-10, coa seguinte desagregación:

NOME ENTIDADE	C.I.F.	CONCEPTO	DATA	TOTAL	NOTAS	PARTIDA ORZAMENTARIA
AUTORIDADE PORTUARIA		TASAS		3.500,00 €	RC N° 220260000161 3.500,00€	338-225
PRENSA, RADIO... (ESTIMATIVO)		cuñas radio, prensa		10.000,00 €	con cargo á partida da Área de Comunicación 926_22602 e especificamente á retención de crédito RC 220260012124.	926-22602
GRÁFICAS SALNÉS	F36019289	IMPRESIÓN PROGRAMAS		2.813,25 €	partida de Publicacións, 926_22602 e retención de crédito RC 220260000587	926-22602
DOS MÁIS DOS ESPECTÁCULOS Y MANAGEMENT S.L.	B47788427	Aluguer de carrozas	23/08/2026	18.101,60 €	Forma de pago: no prazo de 10 días a presentación da factura	334-22609
ESCENA EVENTOS S.L.	B32472250	Aluguer cuberta escenario concertos	18 a 21	18.143,95 €		338-203
SISTREL EVENTOS S.L.	B70565635	Aluguer de xenerador para concertos en A Xunqueira	18 a 21	1.331,00 €		338-203
OCIO SPORT AROUSA	B94152154	Módulos Baños	do 13 a 3			338-203

S.L.				3.811,50 €		
Mª DEL CARMEN LAGO CASTRO	35432458-S	ROMERIA SAN ROQUIÑO (viño)	15/08/2026	179,68 €		338-22199
DOLORES MARÍA REGUERA FREIRE	35310825Y	Sacos confetti par desfile carrozos	23/08/2026	890,56 €		338-22199
SURNE SEGUROS Y PENSIONES	V48083521	PÓLIZA ACCIDENTES PARA NENOS/AS PARTICIPANTES NAS CARROZAS	23/08/2026	94,90 €		338-224
AGRUPACIÓN PARROQUIAL STA. EULALIA	G36197721	misa san roque	16/08/2026	335,00 €		338-22609
ASOC. CULTURAL CORTEGADA	G36168854	misa san roquiño	15/08/2026	391,00 €		338-22609
A.C. FOLKLÓRICA UNIÓN PIÑEIRA	G94007911	pasacalles	18/08/2026	350,00 €		338-22609
A.C. AIRIÑOS DO CARRIL	G94006004	pasacalles	19/08/2026	350,00 €		338-22609
A.C. NÓS DE SOBRADELO	G36043933	pasacalles	15/08/2026	391,00 €		338-22609
A.C. MALVEIRAS	G36136679	pasacalles	15/08/2026	391,00 €		338-22609
A.C. CANTAREIRAS BULIDEIRAS	G94093598	pasacalles	15/08/2026	350,00 €		338-22609
A.C. GAITAS MAR DE AROUSA	G36499127	pasacalles	17/08/2026	391,00 €		338-22609
AGRUPACIÓN FOLKLÓRICA FROALLO	G36198927	pasacalles	17/08/2026	391,00 €		338-22609
A. GRUPO BRISAS DO RIO ULLA	G36543940	pasacalles	18/08/2026	350,00 €		338-22609
GRUPO GAITAS DO CENTRO CULTURAL E DEPORTIVO STA. PLÁCIDA DE RUBIÁNS	G36114502	pasacalles	19/08/2026	391,00 €		338-22609
A.C. PERLA DE AROUSA	G36106599	pasacalles	20/08/2026	350,00 €		338-22609
A.C.. OS XIRIFEIROS	G36439792	pasacalles	21/08/2026	391,00 €		338-22609
A.C. LUMARADA	G94150414	pasacalles	21/08/2026	350,00 €		338-22609
A.C. A NOSA SRA. DA XUNQUEIRA	G36160430	pasacalles	22/08/2026	350,00 €		338-22609
GRUPO FOLKLÓRICO MOCIDADE DA TORRE 83	G36185817	pasacalles	22/08/2026	391,00 €		338-22609
A. MÚSICA TRADICIONAL A QUEIMADA	G44833382	pasacalles	23/08/2026	350,00 €		338-22609
A..C. MALVEIRAS	G-36136679	pasacalles	23/08/2026	391,00 €		338-22609
DIEGO BASADRE BARREIRO (Produción Bo Peixe)	78791916B	Actuación THE ESKARALLAS (SON DA CASA)	18/08/2026	1.512,50 €		338-22609
ASOCIACIÓN CULTURAL HAUS DA LA CASA	G22845333	Actuación de Kaiser Xosé Xosé e Little Pi, e La Veppe (SON DA CASA)	14/08/2026	1.200,00 €		338-22609
ASSIA PRODUCCIONES Y EVENTOS S.L.	B33813783	Actuación Grupo Assia	22/08/2026	15.730,00 €		338-22609
JESÚS GÜMIL BEIRAS	35478752X	Actuación MK MAIK (norme artístico)	19/08/2026	4.631,58 €	IRPF: 15% 631,58€ ive 10%	338-22609
O SON DA RÚA S.L.U.	B70603444	Actuación Orquesta	17/08/2026			338-22609

		New York		11.495,00 €		
ASOCIACIÓN MUSICAL A XAIBA	G94182797	Concerto (SON DA CASA)	14/08/2026	500,00 €		338-22609
PILAR MARGHATETTO RODRÍGUEZ	32649940R	Concerto Savoy Club Big Band (Antoloxía do Bolero)	14-08-2026	4.068,42€		334--22609
PILAR MARGHARETTO RODRÍGUEZ	32649490R	Concerto Savoy Club Big Band (Antoloxía do Bolero)	14/08/2026	10.451,58 €		338-22609
SGAE (ESTIMATIVO)		TASAS/IMPOSTOS SGAE		5.000,00 €	ESTIMATIVO	338-22699
IMPREVISTOS				800,00 €	ESTIMATIVO	338-22699
CLECE S.A.	A80364243	SERVIZO EXTRAORDINARIO LIMPEZA	DO 14 a 24 de agosto	1.677,93 €		338-22700
WAKE UP PRODUCCIONES S.L.	B94158 987	Producción artística	14,18,19,20 E 21 -08)	16.232,15 €		338-22799
GLOBAL SETUP S.L.U.	B94119194	Producción Técnica concertos en A Xunqueira días 18, 19, 20 e 21 de Agosto	do 18 a 21-08	18.125,80 €		338-22799
VILAS Y PUGA ASOCIADOS S.C. (ERGOAUDIO)	J94091345	Producción técnica Concertos día 14-08: Xaiba e Savoy Club Big Band	14/08/2026	4.719,00 €		338-22799
				161.664,40		

PRP2026/2994

Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e o Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, para o ano 2026. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda a autorización do gasto a favor do Padroado da Banda de Música de Vilagarcía de Arousa, polo importe de 46.500,00 €, de conformidade co establecido nas cláusulas do propio acordo económico cultural:

- 39.000,00 € con cargo á partida 334.48205
- 7.500,00 € con cargo á partida 334.78000.

CONTRATACIÓN

PRP2026/2903

A piques de rematar o papel para fotocopadoras dos distintos departamentos do Concello, fíxose necesario dotar aos mesmos de papel DIN-A3 de 80 gr e DIN-A4 de 80 gr. para as distintas fotocopadoras das dependencias municipais co fin de levar a cabo o bo funcionamento desta administración.

Solicitadas dúas ofertas a empresas especializadas no sector para a adquisición do subministro de 5 caixas (25 paquetes de papel DIN-A 3 de 80 gr e 1000 paquetes de papel DIN-A4 de 80 gr. para as fotocopadoras das dependencias do Concello), presentaron oferta as seguintes empresas:

- Redinor S.L. cun importe de 4.512,09 € (IVE engadido)
- Paz Dismac, S.L. por importe de 4.220,18 € (IVE engadido)

A Xunta de Goberno Local adxudicou, na súa sesión celebrada o 13 de xullo de 2026, o contrato menor de subministro denominado “SUBMINISTRO DE PAPEL PARA FOTOCOPIADORAS DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO, DIN A-3 DE 80 GR, 5 CAJAS, e 1.000 PAQUETES DE DIN-A4 DE 80 GR. CT 66/2026-e, á mercantil PAZ DISMAC, SL; con NIF B36062180 por importe de 3.487,75 € (IVE excluído), 732,43 € (21% de IVE) cun importe total de 4.220,18 € por ser a mellor oferta calidade-prezo. O referido acordo foi notificado a PAZ DISMAC SL o 22 de xullo de 2026. Con data 27 de xullo de 2026 (registro de entrada WEB2026006694), don Antonio Ángel Iglesias Miranda, en representación de PAZ-DISMAC SL, presenta renuncia á oferta presentada,

indicando que, por erro, incluíuse no prezo ofertado un desconto do 15% que non é procedente e, por tanto, que non o poden asumir.

Tendo en conta a devandita renuncia, despréndese que a empresa citada, renuncia tamén a prestación do servizo.

Tendo en conta que a validez das ofertas presentadas por ambas empresas, de 30 días en ambos casos, xa rematou, e a urxente necesidade de dotar ás dependencias municipais de papel para as fotocopadoras, procedeuse a volver a solicitar oferta ás citadas empresas especializadas no sector para proceder a unha nova adxudicación.

Solicitadas con data 28 de xullo de 2026 ofertas a Redinor S.L. e Paz Dismac, S.L., as dúas empresas presentaron na mesma data as seguintes:

Licitador	Oferta (IVE excluído)	Oferta (IVE engadido)
Redinor S.L.	3.810,00 €	4.610,10 €
Paz Dismac, S.L	4.117,25 €	4.981,87 €

O prazo de execución deste contrato menor de subministro será de 3 días.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Resolver a adxudicación do contrato menor de subministro denominado “SUBMINISTRO DE PAPEL PARA FOTOCOPIADORAS DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO, DIN A-3 DE 80 GR, 5 CAJAS, e 1.000 PAQUETES DE DIN-A4 DE 80 GR. CT 66/2026-e, efectuada pola Xunta de Goberno Local do 13 de xullo de 2026 a favor da mercantil PAZ DISMAC, SL, con NIF B36062180 por importe de 3.487,75 € (IVE excluído), 732,43 € (21% de IVE) cun importe total de 4.220,18 €.

2.- Adxudicar o contrato menor de subministro denominado “SUBMINISTRO DE PAPEL PARA FOTOCOPIADORAS DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO, DIN A-3 DE 80 GR, 5 CAJAS, e 1.000 PAQUETES DE DIN-A4 DE 80 GR. CT 66/2026-e, á mercantil Redinor S.L., con NIF B36127405 por importe de 3.810,00 € (IVE excluído), 800,10 € (21% de IVE) cun importe total de 4.610,10 € por ser a mellor oferta calidade-prezo con cargo á aplicación orzamentaria 920-22000 do orzamento vixente.

PRP2026/2907

Dáse conta da Resolución Presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra de data 03 de agosto de 2026, pola que se concede ao concello de VILAGARCÍA DE AROUSA, ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 34.613,78 euros, co obxecto do financiamento do investimento “PLAN 2026 DE IMPLANTACIÓN DE REDUTORES DE VELOCIDADE EN VIAIS MUNICIPAIS” (exp.2026019846), cuxo orzamento ascende a 34.613,78 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	34.613,78€	34.613,78€	0,00€	0,00€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2026/2911

